

Polas Letras Galegas de 1998, da Concelleiría Municipal de Cultura pedíronme que escribise algo sobre a Historia de San Clodio. O tempo apremiaba e nunhas horas fíxose coa impresora dun ordenador e cunha fotocopiadora, sen tempo para revisar nin correxir, un folletíño titulado “Ribas do Sil. Reseña Histórica do Concello”.

O malo disto é empezar.

Agora, co gallo da Primeira Festa da Cereixa, pídenme que escriba unha Historia de Ribas do Sil, que o programa de actos para ese día xa está confeccionado e que un deles é a presentación do libríño. Nin máis nin menos. Como si un libro, inda por riba de Historia, se escribise da noite para a mañá.

Pro se o que se está facendo é tratar de desenvolve-las potencialidades do teu concello, unha das cales é o cultivo das cerdeiras; se ves que o traballo e as inqedanzas de quen organiza a festa están encamiñadas a evita-la inanición do teu pobo e a procura-lo seu rexurdir, sínteste honrado en que conten contigo. E fas o que podes.

E o que se fixo non foi un traballo académico, senón aberto ás aportacións de todos. As fontes orais son o cerne das historias que aquí se refiren logo de lembrar o que un leva escoitado ó longo dos anos falando cos uns e cos outros, na propia casa, no café, na barbería, na zapatería, arredor do pote do augardente, nas matanzas, nas vendimas ... E que moitos conveciños coñecerán nesta versión ou noutra con algunha variante. O feito de compartir unhas historias identifícanos, é unha referencia máis para sentirmos membros dunha comunidade. E iso é bon.

Queda para outro con máis experiencia e máis tempo unha Historia de Ribas do Sil máis rigorosa.

Desexo que esta vos guste.

BREVE/S HISTORIA/S DO CONCELLO DE RIBAS DO SIL

ORIXES.

O territorio no que se asenta o concello de Ribas do Sil está formado por unha estreita lingua de terra orientada de Este a Oeste entre o río Sil e os cumes da serra da Moá, os cales marcan o límite entre as provincias de Lugo e Ourense. O val do Sil ensánchase á altura da confluencia co Queiroga e na chaira formada polos aluviós fluviais aséntase a capitalidade do concello, a vila de San Clodio.

A historia de Ribas do Sil está marcada pola actividade mineira da época romana, con abondosas pegadas na arqueoloxía e na toponimia, e polos mosteiros: o de San Clodio, orixe do nome da capitalidade e dos seus monumentos máis destacados, igrexa e restos da antiga abadía co seu pórtico renacentista procedente da restauración do ano 1604, e o de Torbeo, do que permanece a súa igrexa, un dos mellores e máis elegantes exemplares do románico rural galego.

Pro a historia de Ribas do Sil non se reduce somente a eses momentos. É máis ampla e complexa.

Da presenza humana no Paleolítico e no Mesolítico quedou constancia nos restos da industria lítica que aproveitaba os coios de seixo e cuarcitas dos aluviós do río e nos áchadegos ocasionais de machadas de pedra pulimentada, hoxe en coleccións particulares.

Do Neolítico, as mámoas, anque sen catalogar, aparecen ubicadas pola tradición e a toponimia. Existen restos dalgún menhir e dun cromlech. Xa na Idade do Bronce, hai que salienta-lo achádego de machadas desta aliaxe nas proximidades, como as de Carballo - Quiroga.

Os celtas, coñecedores das técnicas do ferro, penetraron en Galicia pola cunca do Sil cara o ano 650 a. de C. e aportaron un tipo de habitat estable e rudimentariamente urbán, o castro, sendo algúns deles os de Castro de Abaixo, Remeite, Os Castros, ... e, curiosamente, próximos a explotacións mineiras auríferas.

Para as comunicacións, ademáis do curso do Sil, vía natural de entrada a Galicia, existía un entramado de rutas protohistóricas que comunicaba e permitía as relacións económicas e culturais con outras zonas coas cales aínda

perviven afinidades lingüísticas e etnográficas moi vellas, como as de Monterrei, Tras os Montes, polo Bibeí; Maceda, Limia, por Caldelas; Lemos, por Vilachá ou polo Lor; ...

ROMANIZACIÓN.

E o século I a. de C. chegan os romanos. O val do Sil ferverá de actividade mineira. De Montefurado, no Este, onde se furou o monte e se desprazou o curso do río para aproveita-lo ouro que levaba, á Cubela, no Oeste, onde Ribas do Sil linda con Castro Caldelas, localízanse restos dunha morea de explotacións mineiras auríferas. Situadas a ámbalas dúas marxes do río e a distintos niveis, correspóndense coas terrazas fluviais, testemuñas estas dunha xeoloxía e dunha climatoloxía máis extremas e violentas cas da nosa era.

As técnicas de explotación, “ruina montium” a máis difundida, requerían moita man de obra, maioritariamente escravos, prisioneiros e condenados, os “damnati ad metalla”; anque no século II a necesidade de mellora-las técnicas extractivas supuxo un notable incremento do número de mineiros profesionais vidos doutras zonas do Imperio, os “liberi mercenarii”.

Os traballos de minería eran sumamente perigosos, duros e insalubres, cun alto índice de vítimas por causa dos numerosos accidentes e das doenzas ocasionadas polas malas condicións de vida e de traballo.

As labouras levadas a cabo eran complexas. A roza e calcinación dos vexetais precedía ó escavado e separación de pedras e terra para, conducida a auga polos canles ó lugar axeitado, proceder ó transporte, cribado e lavado desta última e obter, deste xeito, o ouro.

Quedaba despois un terreo sumamente apto para os cultivos. Un dos máis difundidos e que aínda perdura, foi o do castiñeiro, que servía para a alimentación dos mineiros escravos, así como o da vide e o da oliveira. Cando os traballos de minería cesaron, proseguiron os de colonización agrícola, o que suscitou a rexeneración e recuperación dunha gran parte dos terreos afectados, que non foron poucos.

Hai que supoñer que unha actividade tan intensa nesta zona, supuxo a necesidade de suministrar unha gran cantidade de produtos axeitados:

ferramentas, madeira, cordas, etc. Tamén cumpría unha boa organización dos transportes e das vías de comunicación e a dotación de numerosos servicios: baños de auga quente, zapatería, barbería, tinturería, escolas, ... xunto coa presenza dalgunhas unidades militares, as cales, ademáis das funcións de forzas de seguridade, desempeñaron un importante papel técnico na dirección dos traballos mineiros.

O centro administrativo mineiro estaba en Astorga, Asturica Augusta, posterior diócese episcopal á que pertenceron as parroquias de San Clodio e Peites ata 1955. Alí residía o Procurator Augusti e representantes del exercían a autoridade en diversos sectores e zonas. Según recentes estudos, é posible que a persoa que controlaba os intensos traballos nas minas de ouro que se desenvolveron neste val residise na Ermida, onde posteriormente e trala cristianización se erixiu unha igrexa sobre a súa residencia. Igrexa que contén restos da primitiva mansión romana e na que se celebra o 8 de setembro unha coñecida romaría.

Constitúe unha ruta arqueolóxica e paisaxística admirable a visita desas explotacións mineiras: Peites, Figueiredo, Piñeira, O Roscón, O Burato, A Borrén, Rairós, Barreiro, Castro de Abaixo, Cubela, ... así como a doutros lugares de presenza romana nas inmediacións: Montefurado, Ponte Bibeí e Codos de Larouco na Vía XVIII, Ponte Navea, Ponte Lor, ...

IDADE MEDIA.CAMIÑOS.

A romanización, ademáis de traer unha civilización nova, desenvolveu a economía coa actividade mineira, a colonización da terra, o comercio, as vías de comunicación, ... Estas vías seguiron utilizándose ata tempos recentes a través de diferentes momentos históricos e coas máis diversas finalidade: peregrinos, exércitos, comerciantes maragatos, tratantes de gando, artesáns ambulantes, quincalleiros, xitanos, mendigos, etc.

A proximidade da Vía XVIII, de Asturica a Bracara, de Astorga a Braga, pasando por Petín, Trives, Alto de Cerdeira, Caldelas, ... coincidinte en moitos tramos coa vella estrada N-120 e da cal se seguen utilizando infraestructuras como a da Ponte Bibeí, impediu o illamento da nosa bisbarra, manténdoa en contacto co mundo: interior da Península, Norte de Portugal ou resto de Galicia, a través de

numerosos enlaces, ramificacións e vías alternativas, preexistentes ou de nova creación.

Co apoxeo das peregrinacións a Compostela, abundarán os romeiros que, de inverno, para evita-las inclemencias meteorolóxicas do Cebreiro, entran a Galicia seguindo a Vía XVIII. Parte deles, na actual zona da Cigarrosa, en A Rúa, Forum Cigarrorum, toman o Camiño que, a carón do Sil e pasando por Alvaredos, Montefurado, Novaes, ... chega ó val de Queiroga, onde existe Hospital da orde de San Xoán. Desde aquí, uns optan por seguir pola ponte Lor e enlazar co camiño francés en Sarria e outros cruzan cara San Clodio por medio dalgunha das Barcas existentes: Castelo, Mancebico – Barco, Rairos, Covas e, deixando atrás Torbeo, volven de novo a pasa-lo río cara Lemos pola Cubela para, seguindo por Belesar e Chantada, rematar en Santiago. Esta ruta, sen acada-la consideración dun ramal do Camiño Francés, transitada por xente moi diversa, tamén foi percorrida por algúns peregrinos cara Compostela, os cales deixaron obras, lendas e devocións de indubidable orixe xacobeas ó seu paso.

Unha desas lendas refírese ás pegadas que o cabalo do Apóstolo deixou nas penas de Augasmestas, preto da igrexa de Santiago das Covas, cando, loitando contra os mouros, fixo forza e pasou o río dun brinco para o Castro de Abaixo.

Outra, recollida da tradición oral, refírenos os apuros dun peregrino que, de paso por San Clodio, foi perseguido un bon treito por un grupo de veciños de Pumares que estaban mallando. Ó desencadearse unha gran tormenta, tomárono por un troneiro e quixeron darlle un bon escarmento. En Rairos, a onde o romeiro chegou sin folgos, aclarouse a confusión cando posteriormente se contrastaron os relatos de ámbalas dúas partes.

Estas rutas tamén serán seguidas no seu momento por tropas francesas que participan na invasión napoleónica.

Ata que o ferrocarril rematou por desbancalos, os maragatos mercadeaban por estes camiños. Ruta moi común era segui-la Vía XVIII e en Castro Caldelas desviarse cara San Clodio por Torbeo, pernoctando e descansando homes e bestas en San Román, a Rotea ou a Barca de Mancebico, onde había mesón, e, logo

de cruza-lo río, retornar cara o punto de partida pasando por Quiroga.

Unha ampla e abigarrada gama de artesáns nómades percorreu dende tempos inmemoriais ata datas recentes estes camiños milenarios de pobo en pobo e de casa en casa , exercendo o seu vello mester e levando e traendo novas: cordeiros, cerralleiros, follalateiros, afiadores, prateiros, pineireiros, cesteiros, quincalleiros, titiriteiros, músicos, mendigos, reloxeiros, xastres, costureiras, carpinteiros, serranchíns, canteiros, capadores, menciñeiros, ... Oficios coñecedores de técnicas ancestrais e clara regulamentación gremial, indispensables no seu momento, e hoxe vivos unicamente na memoria dos maiores.

CRISTIANIZACIÓN

O cristianismo galego presenta nesta zona un dos primeiros achádegos arqueolóxicos, o Crismón da Ermida, do século IV, que proba a presenza de seguidores desta relixión na bisbarra.

Cristiáns de orixe leonés, fuxitivos da invasión musulmana, serán os que establezan en San Clodio unha abadía baixo a protección dese mártir que en León fixo o único milagre que se lle coñece: reventa-lo cabalo do musulmán que quería entrar montado no seu templo e profanaló.

Esta Abadía de San Clodio, fundada hai uns mil anos, foi doada no século XII coas súas terras e cincocentos vasalos por Vasco de Quiroga, ricohome de Castela e Capitán dos Reais Exércitos de Afonso VII o Emperador, según escritura outorgada no ano 1.154, da que se conserva o pergamino orixinal no arquivo da Catedral de Astorga, ós frades de San Bieito, que a posuiron e rexentaron ata a Desamortización. San Clodio e Rairós coas súas terras sempre foron dominio da Abadía, dispoñendo e aforando os seus abades pola súa propia autoridade, independentemente da Encomenda de Quiroga.

Arruinada polo paso do tempo, a Abadía sería restaurada polo abade Afonso de Solís no ano 1.604, según consta na inscrición que, arredor do seu escudo, figura no pórtico renacentista desa data. A desamortización de mediados do XIX, coa cal os bens do mosteiro quedan reducidos á Horta do Cura e á casa rectoral, hoxe inexistente, suporá a crise definitiva.

Referencias á vida monacal, fálannos dun mosteiro cunha explotación

agrícola de gran produtividade, tanto pola fertilidade das terras como pola benignidade do clima, o que propicia a estancia aquí de frades doentes que virán doutros lugares a repoñerse dos seus males en San Clodio. Retornarán curados ós cenobios de orixe, en gran parte debido á vida bucólica que realizan, á boa alimentación recibida e ós paseos pola granxa monacal, chea de parras e dunha gran variedade de froiteiras, moitas delas inviables noutras zonas de climatoloxía máis adversa, como amendoeiras, pessegueiros, pavieiras, oliveiras, figueiras, moreiras, laranxeiras, limoeiros, granados, ... que lles permite unha dieta rica en vitaminas durante todo o tempo.

Estes cultivos fannos pensar na existencia dun microclima máis suave co actual nos séculos precedentes e que se foi facendo máis extremado, quizais pola construción dos encoros no Sil e pola repoboación forestal.

Consérvanse da igrexa dos primeiros tempos ábside, arco triunfal, restos dun arco da porta norte e parte dos muros.

A existencia de elementos constructivos e decorativos característicos do estilo visigótico e mozárabe en pedra distinta, caliza, do século XI ou anteriores, que non encaixan moi ben no estilo románico primitivo do templo fan pensar nunha reedificación no século XII sobre outro templo máis vetusto. Restaurada, como o resto do mosteiro no 1604 e queimada cando a “francesada” polas tropas napoleónicas, reconstruíuse e instaláronse altares de estilo neoclásico.

A realización en tempos recentes de obras de mantemento respectando e recuperando os elementos e estruturas orixinais puxeron de manifesto a armonía e a proporción das súas formas, o que infunde unha enorme sensación de paz e serenidade ós visitantes. Preto da porta norte, adosada a unha primitiva construción, capela ou sacristía, que comunicaba coa igrexa, hai unha torre de planta cadrada na que se levaron a cabo obras de consolidación en datas recentes e que serviu, posiblemente, de lugar de vixía, fortaleza e cadea, según as circunstancias.

A igrexa de Torbeo inscríbese entre as do románico rural galego, na Ribeira Sacra, e data de finais do século XII ou comezos do XIII. Á primitiva fábrica dunha soa nave e ábside con bóveda de cascarón fóronlle engadidas posteriormente

dúas capelas, polo que presenta planta de cruz. Polas súas características, decoración e elementos arquitectónicos presentes noutros templos e na catedral de Ourense, pertence á escola compostelá. Os capiteis de apoio do arco trunfal son historiados e de gran calidade e orixinalidade temática, sin semellanza no románico galego.

FEUDALISMO.

No ano 1225 o rei Afonso IX otorgoulle a este concello un foro especial que foi publicado no Boletín da Academia da Historia e recolle R. Blanco Areán en “Galicia. Historia e imaxe”.

Xa no século XV a gran revolta irmandiña non afectará ós eclesiásticos, pro derrubará o castelo de Malpica, por riba de Vilanova, pertencente ó señorío da Casa de Lemos. Non foi reconstruído e perduran só algunhas pedras da fábrica entre os toxos.

A vida mísera dos servos transcurre en gran parte de Ribas do Sil baixo o dominio dos señoríos relixiosos, menos opresivos e máis flexibles có da nobreza.

Pequenos fidalgos encomendeiros dos grandes señores ou das grandes igrexas e mosteiros deixan constancia da súa presenza na heráldica dos séculos XVI, XVII e XVIII en Torbeo, Vilanova, San Román, Pumares, San Pedro, Pousanova.

TEMPOS MODERNOS. FRANCESADA.

Momento histórico interesante foi o da Guerra da Independencia, popularmente chamada a Francesada, ano 1809, e viva na tradición oral.

O castigo infrinxido ás tropas de Soult en Montefurado, onde o túnel romano servía de ponte entre ámbalas marxes do Sil, pola partida dirixida polo quirogués Xoán Ramón Quiroga e Uría, abade de Casoio, o acoso das xentes comandadas polo párroco de Bendollo Francisco María Cao, as accións de grupos reducidos e a resistencia popular ó dominio francés provocaron a toma de graves represalias por parte das tropas galas.

Así, cando un guerrilleiro abatiu a un capitán francés que transitaba por unha calzada romana, según uns en Montefurado, según outros no camiño cara

Lemos por Quiroga e Ponte Lor, as represalias foron terribles.

En San Clodio, na Viña Vella, ó construír algunha das casas da actual rúa da Diputación e cando se ampliou a estación de Renfe, polos anos cincuenta, apareceron os enterramentos de varios militares galos, confirmado pola presenza de restos de armas, uniformes e distintivos franceses, o que nos dá a idea da intensidade da loita entre os habitantes do noso pobo e o exército napoleónico, que, doente, incendiou a igrexa e a abadía.

No barrio de Outeiro, soldados franceses apalearon ata a morte a un veciño que se negou a secunda-lo berro de ¡Viva Francia! respostando: ¡Viva quen poida!

No seu percorrido pola marxe esquerda do val as tropas galas foron arrasando e asasinando todo o que atopaban ó seu paso, como ocorreu na Pousavella.

Ou en Montouto, onde un veciño de Soutordei salvouse camuflado entre os bois que tiña nunha corte existente naquel lugar mentres os franceses a revisaban.

En Chenzas, onde mataron a veciños e o capitán ó mando dos gabachos ordeou que lle subiran no seu cabalo á mellor moza do lugar, da que, por certo, nunca máis se tiveron novas.

Os veciños de Soutordei, avisados da chegada de semellante azoute, correron a esconderse na Pena da Choza, de difícil acceso. Cando un deles se asomou para ver se o perigo xa estaba pasado, foi descuberto por un soldado francés que deu a alarma e masacraron ós que se ocultaban. Os que sobreviviron por atoparse acochados noutros sitios encargáronse de transporta-los mortos ó cemiterio parroquial en carros de bois.

O pobo de Peites foi arrasado.

Non é unha rareza que estes feitos crueis permanezan vivos na lembranza popular e que se poda identificar ás persoas protagonistas deles e ós seus actuais parentes a pesar de ter transcorrido case que dous séculos.

PAZO DA COSTA

Da División de España en Provincias no ano 1833 data o paso do

Concello de Ribas do Sil da provincia de Ourense á de Lugo e o conseguinte traslado da capitalidade de Torbeo a San Clodio.

Coa Desamortización de 1850, escasamente estudada no referente a esta zona, sácanse a subasta as terras e foros da Abadía en lotes tan grandes que unicamente poderán ser adquiridos por persoas de elevada capacidade económica, como D. Manuel Batanero e Flórez, Guitián de Monforte e algún outro, o que fai que a situación economicosocial se perpetúe ó non ter aceso á propiedade da terra os pequenos labregos, que constitúen a maioría da poboación.

D. Manuel Batanero merca as terras da Abadía, 1850, e edifica un gran pazo, rematado no 1889, nas inmediacións do seu antigo caserón, na Costa. Numerosos artesáns de diversos oficios: carpinteiros, albaneis, canteiros, pintores, etc. participan nas obras. En 1883 chega o ferrocarril a San Clodio pola súa mediación e cede os terreos para a estación, obtendo concesións da empresa ferroviaria como a parada obrigatoria de tódolos trens de viaxeiros, servidume de paso atravesando as vías dende a finca ó edificio da estación, dereito a vender ós viaxeiros froita e viño das súas colleitas, cantina, ...

Hasta os anos trinta, en que morre D. Manuel Batanero, o pazo vive unha etapa de esplendor e grandeza: frecuentes visitas en compañía de personaxes destacados, chegada nun Rolls Royce, institutriz inglesa para as fillas, práctica de deportes elitistas como tenis ou critket, abundante servidume, etc. mentres unha gran parte da poboación que non emigrrou traballa nas súas propiedades. É salientable a morte en accidente de aviación do seu xenro, o comandante Belloch, quen participara na Guerra de África como piloto das forzas aéreas españolas, cando, xunto co seu axudante, tamén falecido, como xa fixera outras veces, tomaba terra no seu Prado da Abadía, antiga propiedade monástica. Corría o verán de 1932. A roda directriz do aparato encaixouse nun dos regos existentes e, impedíndolle cambia-la traxectoria do aterraxe, levouno a chocar contra a parede que circundaba a finca e capotar, incendiándose, o avión que pilotaba xunto á Fonte da Prata. A veciña de San Clodio, D^a. Aurita Arias, do Bao, cortando as correas que mantiñan amarrados ós dous aviadores ós seus asentos, rescatounos de entre as lapas, pro as queimaduras eran de tal gravidade que morreron ó cabo duns días.

Despois desas datas as visitas espaciáronse, os coidados decaeron e o abandono foise facendo amo dunhas instalacións símbolo doutros tempos merecentes de ser recuperadas; anque agroma o rexurdir co cultivo das viñas, hoxe acollidas á denominación de orixe “Ribeira Sacra”.

Do século XIX pervive na memoria popular un feito, cando menos, curioso. Refírese a un capelán dos barcos que ían a Filipinas, orixinario da Casa do Torubio de San Román, rival da de Batanero, quen, nas súas viaxes fora traendo especies vexetais exóticas e adaptándoas nunha valgada que dá ó regueiro de Nogueira. Alí chegou a forma-la devesa tropical popularmente chamada Manigua do Torubio, auténtico e descoñecido xardín botánico que recentes incendios forestais arrasaron. Cóntase que un día este capelán sorprendeu ó carboeiro de Vilariño cortándolle árbores e, atándoo a un feixe de leña dos que xa tiña preparados, prendulle lume. Salvárono os veciños que acudiron ós seus berros de auxilio.

O FERROCARRIL. REPERCUSIÓNS.

A devandita chegada do ferrocarril no 1883 supuxo cambios moi importantes en San Clodio. Como anecdótico diremos que os rapaces sentían pita-las máquinas cara Sequeiros, pois viñan aportando os materiais pola vía ó tempo que esta era tendida e, un serán, aló foron á carreira para ve-lo tren. A primeira imaxe da locomotora fumegando e resoplando impactounos para o resto da súa vida.

As obras emprendidas pola Compañía do Norte supuxeron a chegada á vila de numerosa man de obra foránea e o emprego da autóctona; incluso a feminina para o transporte de terra en cestos carreteros ós tramos de recheo, como a Estación, San Román, San Pedro, ... Creáronse numerosos postos de traballo permanentes e o establecemento de relacións humanas e familiares con xentes vidas, moitas delas, de fóra de Galicia foi intenso. San Clodio medrou e foi adquirindo a súa fisonomía urbá, coa vía como eixe, e económica, con establecementos comerciais e industriais, mercé ó ferrocarril, que aquí tiña a base para o reforzo de tracción, as máquinas de rampa, cara a subida en dirección Monforte.

Nos anos da pasada década do 1950, a explotación das minas de ferro dos cotos Vivaldi e Wagner, que cargan os trens en San Miguel de las Dueñas para exporta-lo mineral a través dos portos de Vigo e Ferrol cara Inglaterra, supón o

potenciamento e a ampliación da estación de San Clodio por mor do incremento de trefego ferroviario.

Estarán permanentemente destinadas en San Clodio tres máquinas de vapor, modelo 1.400, que se acoplan ó tren de mineral que chega con unha. Compren, polo tanto, catro máquinas para subi-lo convoi a Pobra de Brollón, tres por diante e unha por detrás.

En San Clodio permanecen “destacados” os maquinistas e fogoneiros coas súas familias. Son maioritariamente asturianos e atenden o funcionamento da tracción nos distintos turnos. O traballo nas máquinas de vapor é durísimo, sobre todo de verán, paleando carbón de briqueta para dar presión á caldeira e poder subir sin parar, sendo preciso conectarse a máscaras de osíxeno para non afogarse co fume nos tuneis máis longos e costentos, como os de A Marquesa e A Frieira.

As tres máquinas “de rampa”, voltan a San Clodio desde Pobra de Brollón, a agardar outro tren e a carga-lo ténder de auga para a caldeira. A insuficiencia da suministrada polo pozo da Aguada, obrigou a construír o tanque de pedra que inda existe na Viña Vella, rúa Diputación, e unha estación de bombeo movida a vapor na beira do Sil, por baixo do Barco, que foi destruída pola riada do 1962 e outras posteriores. O tanque de pedra e o depósito da Aguada, inda existentes anque moi deteriorados, transferíanse auga reciprocamente polo principio dos vasos comunicantes e evitaban a escasez dunha materia sin a cal o tren deses anos non podía moverse.

Despois, as máquinas diesel, moito máis potentes, a renovación das vías e a electrificación remataron arrombando coas románticas, traqueteantes e fumarentas máquinas de vapor.

Os cambios socioeconómicos provocados pola chegada do ferrocarril foron moitos.

O tren substituiu ás reatas de bestas dos maragatos que traguían pan de Villafranca, arenques, bacallau, ... e levaban xamóns, mel e cera, etc. ó tempo que outros produtos autóctonos atopaban saída: madeiras, viños, minerais, gando,

O cultivo do viñedo, que permitía paga-los foros ó Mosteiro e logo a Batanero, con “cuartillos de vino tinto de buen color, olor y sabor” e ata o século XIX

alternaba co do castiñeiro, pois a castaña era base da alimentación, e outros produtos: hortalizas, legumes, cereais, ... destinados ó autoabastecemento, farase extensivo cando o transporte ferroviario possibilite atende-la demanda dun mercado máis amplo nas zonas de Lugo, Sarria e limítrofes. O souto será substituído pola viña e comercialízanse os excedentes, cada vez maiores, de viño, o cal proporciona liquidez ós labregos e facilítalle-las adquisicións de bens e manufacturas antes inasequibles. Anque difundirá un xeito de relación co comerciante, a da “venda ó fiado”, que consiste en quedar a deber os produtos mercados ata que se vende a colleita e se saldan as débedas, situación que incluso nos cafés de San Clodio se mantiña vixente nos anos trinta e nas tendas en datas máis recentes do pasado século. Contratempos meteorolóxicos, como xeadas, son sonadas as da Santa Cruz a primeiros de maio, ou pedrazos, que botan a perde-la colleita, e pestes, como a filoxera, no século XIX, suporán enormes e anguriosos quebrantos para a exigua economía dos labregos

Co tren chegaron negociantes que estableceron na zona comercios e industrias; explotáronse minas; incrementouse a emigración, vindo un axente de embarques, D. Urbano, para San Clodio; viaxouse con facilidade, ás veces para ve-lo mar ou toma-los baños e, na Coruña, coa asistencia ás charlas dun pastor evanxelista inglés duns veciños de San Román, principiaría a presenza desta Igrexa en San Clodio; aproveitouse a vía pola comodidade do seu trazado e o espaciado da circulación dos trens como camiño de a pé; marcharon os quintos para a Guerra de Cuba, 1898, a combati-lo insurrecto pola manigua; apareceu a figura do matutero ou viaxeiro sin billete así como a de vendedor de froitas e bebidas nos trens; a prostitución ambulante e as secuelas venéreas tamén chegaban no ferrocarril; o carbón destinado ás máquinas de vapor quentaba os fogares das casas de San Clodio a pesar da existencia de gardas xurados, gadalhorces, que deberan impedi-lo seu roubo; desde neno dominábase unha ampla terminoloxía ferroviaría; etc., etc. Poderíase dicir que a cultura do tren calara nas xentes de San Clodio, onde, por certo, tiveron orixe familias con sucesivas xeracións de ferroviarios.

E hoxe a estación de RENFE está a piques de ser pechada.

A importancia de San Clodio como centro de comunicacións da

bisbarra obrigou a comunica-la vila co entorno e o 27 de xullo de 1883, seguindo o proxecto redactado polo inxeñeiro de camiños D. Pelaio Mancebo, autor tamén do da ponte internacional de Tui, e co apoio do político de Lamela D. Vicente Quiroga, principiouse a construción da Ponte de Ferro sobre o río Sil, na estrada de C. Caldelas a Quiroga pola Moá. Estrada que debiera ter ascendido a Caldelas polo paso de A Portela e deste xeito comunicar as aldeas de As Portas e A Fraga, e non pola propiedade do Sr. Batanero en A Ventosa, motivo do seu trazado infernal, pro contra o que ninguén se atreveu a protestar no seu momento. As curvas foron e, por desgracia, aínda son, ás veces, pegada inequívoca do caciquismo e non dos atrancos topográficos.

A ponte tén dous arcos de pedra na marxe esquerda e dous peares, tamén de pedra, sobre o cauce do río, que serven de apoio a dous taboleiros metálicos de pezas cosidas in situ con remaches e de 78 e 18 metros de longo cada un deles. O seu conxunto é equilibrado e airoso ó mesmo tempo, exemplo da arquitectura que recibe da industria novos materiais. O seu custo foi de 261.923 pts., 127.654 de apoios e estribos e 134.269 de tramos metálicos. Para busca-lo firme do pear central houbo que baixar 10 m. por baixo do cauce do río e usouse unha técnica innovadora naqueles tempos, a campá neumática, que permitía traballar debaixo da auga con aire a presión e fora utilizada en Burdeos o ano 1.858, despois de ser inventada por Eiffel, o que deu pé á falsa creencia de que foi este enxeñeiro o proxectista da Ponte Vella. Para a proba de resistencia usáronse carros tirados por tres parellas de cabalos e con 12 toneladas de carga cada un.

Proba de que a ponte foi ben construída é que, tras unha lixeira e recente reforma, segue soportando o tráfico pesado e as riadas do Sil. Algunha tan grande como a lendaria de 1909, cando se baixou parte do núcleo de As Ermidas ó río Bibei e pasaron os restos das edificacións e do seu mobiliario flotando por San Clodio, onde a auga entraba nas adegas do Bao de Abaixo ou chegaba á porta da da Bugalla, no fondo de Outeiro. Outra, a maior desque hai aforos, a de marzo de 1962, mes no que o caudal acadou un volume de 3486 metros cúbicos por segundo, mais non sobrepasou a “a do ano nove”. Xa máis recentemente, no inverno 2000-2001, unha sucesión de grandes riadas, varias das cales a piques estiveron de iguala-las

cotas da do 1962, aunque quedaron por debaixo.

SÉCULO XX. ECONOMÍA.

No primeiro tercio do século XX a poboación de Ribas do Sil sobrevive coas labours agrícolas ou emigra cara América. As oliveiras caracterizan Casares, Peites e Figueiredo; as viñas ás zonas baixas e ladeiras soleadas do val; máis arriba os soutos de castiñeiros aportan castañas para o consumo humano e animal, en fresco ou secas nos numerosos e fumegantes sequeiros; nos prados críanse xatos procedentes da Limia e Verín que, no seu tempo, convertidos en bois e emparellados, serán exportados, tempos sin tractores, cara o Bierzo, Castela. En San Clodio funciona unha fábrica de ladrillos onde hoxe se atopa a praza con ese nome, actual Parque Infantil, e outra de caldeiros e baldetas con forno de galvanizado e taller de forxa; o establecemento de D. Xosé Barrio conta con tenda de tecidos, ultramarinos, fábrica de chocolate e alcoholes, fonda, panadería e polvorín, ademais de explotar minas de ferro; existe un Sindicato de Labregos Católicos con economato ó que hai afiliados incluso do concello de Quiroga; chegan a funcionar dúas sociedades recreativas con local social ámbalas dúas e que compiten nos bailes de Entroido, Fin de Ano, etc. Tén o concello 8 escolas oficiais, nenos e nenas en San Clodio e Torbeo e unitarias en Nogueira, Piñeira, Peites e Soutordei, cun censo duns 450 alumnos e alumnas; o presuposto municipal de 1921, época na que se adquire e fai o Campo da Feira, hoxe Praza Maior, é de 26.099'45 pts; as feiras son o día 26 de cada mes; no censo de 1910 hai 3.857 habitantes de feito e 4.159 de dereito; un bon número de mozos emigra nos anos vinte para traballar nas obras acometidas pola Dictadura de Primo de Rivera, ferrocarrís e estradas, e nas zonas industriais e mineiras, Asturias, País Vasco, Cataluña.

O ano 1921, como se acaba de dicir, realizouse en San Clodio o Campo da Feira nos terreos que na actualidade ocupan o Centro Médico, Xardíns, Praza Maior, Escolas Vellas e rúa A. Pedrosa. Era alcalde de Ribas de Sil D. Leopoldo Rodríguez, de A Costa, e tenente de alcalde D. José M^a de la Fuente, de Barxa. Con anterioridade, o feiral estaba no que hoxe é o Adro da Igrexa, por diante da casa de Guitián e no Campo da Labradía, servindo este último tamén de campo de fútbol, xa que a estación tiña nesa zona unha única vía e a amplitude era maior cá

actúal. A fragmentación dos espazos, separados polo ferrocarril, e a distancia ó núcleo urbán xustificaron a obra. A maior parte da superficie, a Viña das Viudas, foi adquirida ás propietarias, veciñas de Quiroga; outra parte foi cedida por D. Manuel Batanero e D. Manuel Rodríguez e pola banda do Poñente foi preciso expropiar unhas pequenas superficies para acadar liña recta. A feira, mensual, trasladouse do día 26 ó 21 para evita-la proximidade coa do 27 en Quiroga e mantívose puxante ata os anos 60, no que desaparece, pervivindo como único testemuño dela a presenza das pulpeiras. O Campo da Feira, como o anterior, serviu de campo de fútbol moitos anos e o equipo local, cuns trescentos socios nalgún momento dos anos cincuenta, acadou nel resoados éxitos. A progresiva ocupación da superficie de xogo coa construción das escolas e, máis adiante, da casa do concello, xunto coa incapacidade para habilitar un campo de deportes noutro lugar propiciaron a desaparición do equipo de fútbol.

NOVOS INVENTOS.

A comenzos dos anos vinte chega a San Clodio a eléctrica procedente da planta de produción de A Rodela, no río Queiroga.

Nas zonas rurais a electrificación foi máis serodia, finais dos cincuenta e comenzos dos sesenta. Usarase a electricidade casi exclusivamente para o alumeadado, desplazando ó carburo e ó petróleo ou gas. Un reducido número de bombillas, ás veces unha única, reparte a luz ás distintas dependencias da casa, e anque nos pareza hoxe unha verdadeira miseria, foi un considerable avance para aquel tempo. É anecdótico o asombro causado nalgunhas persoas pola aparición da luz dándolle simplemente a un botón sin necesitar, como dixo algunha delas, nin mistos, nin carqueixas, nin pallas.

A pesar das grandes deficiencias técnicas das instalacións e da escasa potencia do suministro puideron establecerse industrias movidas coa nova enerxía, como aserradeiros, e introducir máquinas con motor eléctrico: cepilladoras, serras ou tornos nas carpinterías e outros talleres, motobombas de suministro de auga, etc.

Coa electricidade, anque se collían poucas emisoras e con grandes deficiencias, chegaron os primeiros aparatos de radio a algún establecemento público

e a contados domicilios particulares, sendo o seu difusor o Pepe das Portas. A mellora do poder adquisitivo e o maior número de emisoras sintonizables de principios dos sesenta supuxo a difusión da radio pola zona rural. Terían gran predicamento os programas de “discos dedicados”, ¡Aquí Radio Andorra, emisora del Principado de Andorra!, e os seriais, equivalentes ós actuais culebróns televisivos, na SER, la Voz de Madrid, Radio Intercontinental. A escoita de determinadas emisoras permitía contrastar ou recibir información que a censura do réxime franquista impedía: en onda curta “Aquí Radio España Independiente, Estación Pirenaica”, tan recente e xa historia; a BBC de Londres; Radio Moscú; Radío Deuchewelle. En onda media, ás once da noite, Radio París.

Tamén a electricidade trouxo o cinematógrafo a San Clodio. Don Salvador Ontiveros, anos 40 e 50, viña os domingos desde Quiroga coa súa máquina a proxecta-la película de turno no local da “Sociedad”, que tamén servía de salón de baile. Como o aforo de asientos era escaso, parte do público levaba a silla da casa ou pedía unha prestada nos negocios lindantes. A escasa forza eléctrica existente obrigaba, en ocasións, a desconecta-lo motor do proxector e move-las bobinas da película con manivela para que o amplificador de son funcionase coa potencia suficiente. Nese mesmo salón, no baixo do edificio hai pouco derrubado polo tren e hoxe xa reconstruído, con periodicidade anual, diversas compañías teatrais, os cómicos da legua, que paraban en San Clodio durante varios días, poñían en escea as obras do seu repertorio, chegando a prolonga-la súa estadía para repeti-las máis exitosas.

As fluctuacións do réxime do río Queiroga tiñan a conseguinte repercusión na potencia da electricidade, ó que tamén contribuía o rudimentario sistema de distribución e de regulación. O estiaxe dos meses de verán obrigaba a serrar en días alternos ás dúas serreiras da bisbarra ou, ás veces, a interrompi-lo suministro polo día; pola noite, nas horas punta de consumo, as bombillas eran meros vagalumes. No outono, un brusco descenso ou incremento de potencia que, con frecuencia, fundía as lámpadas, era atribuído á caída da folla que atrancaba a canle e desatrancaba bruscamente.

No ano 1933 constituíase Eléctrica Quiroguesa, impulsada polo Sr.

Regueiro López, que no 1943 comprou D. Arturo Núñez, rematando a falta de potencia ó distribuir produción de Saltos do Sil, empresa que constrúe e pon en marcha na segunda metade da década dos corenta o encoro e a central hidroeléctrica de Sequeiros. Unha obra desta envergadura, situada en terreos de Ribas do Sil, empregaría un gran cantidade de man de obra da bisbarra e forasteira, moita da cal acabou por acadar un alto grao de especialización en diversas ramas, tanto técnicas como administrativas. Isto permitiulle situarse en postos laborais destacados de empresas importantes, as cales precisamente nestas obras principiaron a súa andaina. Saltos do Sil acabou por adquirir á Quiroguesa e, tras sucesivas operacións financeiras, hoxe operan na zona IBERDROLA e UNIÓN FENOSA.

A campaña de electrificación das zonas rurais levada a cabo en Galicia a finais da década dos 50 e comenzo da dos 60 convertiu a estación de San Clodio nun activo e importante punto de saída de postes de madeira de castiñeiro para os tendidos eléctricos. Procedentes dos soutos de todo o contorno e do Caurel, centos deles eran acopiados arredor do Campo da Feira, co pago da conseguinte taxa ó concello por parte dos madeiristas, para ser levados a diversos lugares de Galicia por ferrocarril en vagóns plataforma. Antes de ser espetados no chan, queimabaselle-lo pé para que non apodrecesen e os resultados obtidos no deberon de ser malos, pois moitos deles inda seguen prestando servizo.

O ano 1926, un 24 de xullo, á tardiña, unha escuadrilla de seis avións militares pasa sobrevoando San Clodio. Un deles deixa a formación, comenza a dar voltas a pouca altitude e sobre o Prado da Abadía tira un bote de fume para coñece-la dirección do vento. D. Manuel Colina, máis coñecido polo alcume de Grau de Millo, quen fixera o servizo militar como soldado de aviación na Guerra de África, decátase de que está buscando un lugar para tomar terra; quita a camisa para usala a xeito de banderola e intenta dirixirle a manobra desde un extremo do Prado no que, por certo, xa tiña aterrado sin contratemplos o anteriormente citado comandante Belloch, da familia Batanero, quen con posterioridade perdería a vida nese lugar como consecuencia dun accidentado ateraxe.

Cando nunha das pasadas o aparato sobrevoa o longo pedregal de coios brancos que inda hai á beira do Sil por baixo da, naquel tempo inexistente, Ponte

Nova, cae sobre as pedras; destroza o tren de aterraxe, rompe a hélice e deteriora o fuselaxe de madeira e lona. Os aviadores resultan ilesos. Son as nove do serán do mes de xullo e inda se ve.

Trátase do avión titulado “Avilla”, que saíra de León ás sete da tarde con dirección a Monforte para continuar viaxe a A Coruña e Santiago. Vai pilotado polo capitán de cabalería D. Ernesto Gómez de Arce e o seu mecánico. Segun manifestan, deciden realizar un aterraxe de emerxencia para solucionar unha pequena avaría e dudan entre facelo na pradeira ou no areal. Optan por este último e, ó se decatara de que non hai area senón coiros grandes, queren remonta-lo voo, coa mala fada de que se lles enredan na hélice os cables do tendido eléctrico que da planta de A Rodela suministraba enerxía a San Clodio.

Pro non todo é mala sorte. Ese verán o río Queiroga leva tan pouca auga que polo día está parada a “fábrica de luz” e pilotos e aparato salvan dun máis que seguro incendio por cortocircuito.

Trala intervención das autoridades, o aparato é desmontado e trasladado a León por ferrocarril. Así remataba o primeiro accidente aéreo da historia de San Clodio, sendo o segundo e último, como xa se dixo anteriormente, de maiores e máis trágicas consecuencias.

REPÚBLICA E GUERRA CIVIL.

Convén facer unha advertencia ante a serie de feitos que se veñen referindo e que nos poden inducir a pensar que o Concello evolucionou ó ritmo que a historia foi marcando con carácter xeral: chegada do ferrocarril, explotación dos recursos, aparición de industrias, creación de postos de traballo, ... A realidade é que a maioría da poboación ficou á marxe deste desenvolvemento nunha situación de servidume perpetuada con renovados contratos de aluguer ou revisións dos prorrateos forais.

A cabalo dos séculos XIX e XX, cunha poboación que ronda os catro mil habitantes, o número de empregados asalariados, ferroviarios, funcionarios, representa unha porcentaxe mínima e os baixos salarios deben complementarse co traballo na terra; as citadas “industrias” locais, sobran dedos dunha man para contalas, teñen carácter familiar, e apenas teñen empregados; o xornal, a secas ou a mantido, do traballo agrícola é mísero e a xornada de sol a sol; o campesinado, a inmensa maioría dos veciños, sobrevive nunha situación miserenta, sen recursos de ningún tipo, terceiromundista, na que as doencias carenciais son manifestas: bocio, raquitismo, deficiencia mental, ... así como a pobreza material: vestido, hixiene, vivenda, cultura, ...

Traballos como os da construción do ferrocarril non son permanentes e o que pode emigrar, emigra na busca dunha vida máis desatafegada, inda que teña que hipoteca-la propiedade tan querida, pro incapaz de mantelo, para paga-la pasaxe a América.

Esta situación socioeconómica será terreo apropiado para que medre o caciquismo. Acadar unha colocación no ferrocarril, ser chamado a gañar un xornal, aplazar o pago dunha renda ou dun foro, librar un fillo da mili ou que teña alí un bon destino, que non suban os arbitrios municipais, influir ante a xusticia, que o camiño atravesese pola terra do veciño e non pola propia, ... son favores que o cacique fai intercedendo ante os políticos e ós que hai que corresponder, pois vainos a cobrar, coa adhesión á súa vontade, votando a quen el ordeia, e co tributo material ou agasallo: cabrito, galo, xamón, troitas, confituras, ... en datas sinaladas. Unha rede clientelar controla o que se di, se fai e se vota, chegando á compra se é preciso, en cada recanto do Concello. E non se move unha palla sen autorización ou

coñecemento destes persoeiros.

Curiosamente, o goberno do Dictador Primo de Rivera, que confirmará por decreto a desaparición dos foros en 1926, tratará de desarticula-lo sistema caciquil imperante en España. En Ribas do Sil é inspeccionada a documentación e a contabilidade municipal. O axente gubernativo, capitán Argudín, atopa anomalías e instrúe expediente por desfalco. Ingresá no cárcere de Queiroga o, daquela, alcalde. Foi un día de festa, parece ser que polo San Clodio e, namentres os gardas conducían á cadea ó encausado, os foguetes festivos, cruel casualidade, estouraban no ceo de San Clodio. Anque a ledicia durou pouco tempo.

O ano 1931 chega a 2ª República e o concello de Ribas do Sil terá Corporación Republicana tralas eleccións parciais de xuño dese ano.

Tódalas organizacións, a non ser Acción Republicana, son socialistas, PSOE e UGT, tendo sé as agrupacións agrarias deste sindicato en San Clodio, Torbeo, Figueiredo e Piñeira.

Como noutras zonas, por unha ampla e variada serie de motivos, a situación radicalizárase progresivamente.

A Revolución de Outubro de 1934 fai saltar a Ribas do Sil - San Clodio ás primeiras páxinas dos xornais galegos por mor dunha serie de incidentes ocorridos:

- Estoupido de petardos na vía férrea preto da estación.
- Un tren sofre un tiroteo entre San Clodio e Montefurado, resultando ferido o fogoneiro.
- Queima e saqueo de templos, que según o informe da Xunta de Cultura Histórica e do Tesouro Artístico de Lugo tivo neste concello as seguintes repercusións:

Igrexa de Sta. María das Neves de Nogueira. Foron destruídos unha parte do retábulo do altar maior e dous laterais, o púlpito, tódalas imaxes, unha cómoda de nogueira, tódolos libros rituais e misais e outros obxectos sacros, valorándose os danos en 20000 pts. (Datos facilitados polo Concello).

Igrexa de Sta. Lucía de Rairos, na cal se destrozaron obxectos artísticos, ocasionándose danos por valor de 2000 pts. (Datos aportados polo Concello)

Igrexa de Torbeo, incendiada. Queimáronse as madeiras, a cuberta, os

altares e as imaxes, salvándose algunhas alfaias que se depositaron no bispado de Ourense. Foi visitada polos membros da Comisión Srs. Vázquez Seijas e Filgueira Valverde o 5 de outubro de 1937, que calcularon o custo da restauración en 2000 pts. contando coa prestación persoal e acopio de materiais por parte dos veciños. Ó mesmo tempo fan unha serie de interesantes recomendacións artísticas para unha recuperación que respecte as características históricas do templo.

O mencionado informe cita danos producidos noutros templos do Concello durante o periodo republicano, 1931-1936: queima da capela de A Cubela, na que se respectou a imaxe de San Antonio Abade; saqueo da capela de San Pedro, con destrozo do retábulo barroco, desaparición de imaxes, das que se asegurou que foran botadas ó río, e rotura duns cadros de San Pedro e San Pablo; saqueo con desaparición de roupas e destrozo de imaxes, entre elas un San Xosé, na igrexa de Santiago de Soutordei; intento de saqueo da igrexa de Vilariño, impedido polo vecindario.

Tamén fai referencia a que a igrexa de San Clodio non sufriu, curiosamente, ningún dano a pesar de ter permanecido nas mans das autoridades da Frente Popular. Isto léva a pensar que os asaltos a bens eclesiásticos foron obra de elementos illados ou de pequenos grupos incontrolados e non das devanditas autoridades, anque logo houberon de pagar por elo.

- Concentración en San Clodio de 300 homes armados procedentes das parroquias de Ribas do Sil coa pretensión de tomar Quiroga, desistindo pola presenza das forzas de seguridade da vila e dos reforzos vidos de Monforte.

- Diversos atentados e ameazas.

A partir do día 8 de outubro os incidentes cesan, son encausados 22 individuos acusados de rebelión e prodúcese o encarceramento temporal dalgúns membros destacados dos partidos de esquerdas que logo serían amnistiados.

O 18 de xullo do 1936 o concello de Ribas do Sil tén de alcalde a Marcelino Fernández Prada, do Frente Popular. Ante o golpe franquista organízase a defensa da legalidade republicana. Reclútanse homes, requísanse armas.

Un grupo de mineiros, entre os que hai varios feridos graves que son aloxados en domicilios particulares, acompañados dalgunhas milicianas, chegan a San Clodio

por ferrocarril. Nun vagón e unha máquina de vapor viñan fuxindo desde Ponferrada do intenso avance e da dura represión que as forzas sublevadas levan a cabo na Cunca Mineira. Aportarán dous ou tres fusís e as mulleres confeccionarán bombas de man artesanais con botes de pementos morróns valeiros e explosivos elaborados con productos adquiridos na farmacia local.

Na Ponte de Ferro, principal acceso a San Clodio, pois o tren non circula, fanse parapetos con sacos terreiros e téndese arame de espiños dunha a outra varanda.

O 22 de xullo forzas de falanxe, 20 fascistas, e números da garda civil procedentes de Lugo ó mando do capitán da garda civil D. José López de Haro Rey chegan por estrada, únenselles máis gardas e carabineiros de Quiroga e toman posicións na Serra da Robleda, fronte a San Clodio. Principia un intenso tiroteo, no que sobresaen os estouridos das bombas de man e o tableteo das ametralladoras falanxistas. A superioridade armamentística decide a loita e os republicanos buscan refuxio nos montes do contorno ou algúns fuxen nunha máquina do tren. A media tarde as forzas golpistas ocupan San Clodio e instalan uns reflectores no Paso a Nivel, centro da vila, en prevención dun contrataque nocturno.

Membros da falanxe local saen do seu agocho e, uníndose ós ocupantes, asumen o papel de “liberadores” e pasarán a desempeña-los postos políticos do réxime franquista.

A represión comenzou de contado e con gran dureza. Os mineiros feridos que se mencionan, apareceron asasinados. Mulleres de esquerdas foron humilladas co rapado da testa ou a obriga de fregar e limpar dependencias das novas autoridades. Moitos dos republicáns, sindicalistas ou afiliados a partidos da esquerda que non tiveron a precaución de esconderse nos primeiros momentos foron paseados ou executados “in situ” ou tralo paso pola cárcere provincial, logo de xuízos ¿? sumarísimos, ben polo feito de pertencer a unha organización política ou sindical, ben polo de recibir un informe desfavorable. ¡E non foron poucos! Sobre todo si se compara con outros concellos da provincia, como pode comprobarse en “La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)” de M^a. Jesús Souto Blanco.

O monte ou os “zulos” nos lugares máis insospeitados, como pode ser debaixo

da pedra dunha lareira, serán lugar de refuxo. E moito inxenio. Como, ante a inminencia dun rexistro, abandoa-la casa deitado boca abaixo no carro, cun furado no piso deste para mete-la boca e poder respirar, debaixo dunha maseira, todo iso tapado cunha carga de esterco para os nabos. E pasar polo medio do pobo, camiño da Veiga, ante os ollos dos buscadores, mentres unha persoa achegada vai tanguendo as vacas. Mais non sempre o éxito acompaña esta loita pola supervivencia e as execucións continúan.

A chegada do exercito, ó remate da guerra, para garanti-la seguridade do ferrocarril no retorno a Alemania das tropas nazis que prestaran axuda a Franco e van a embarcar en Vigo e para controlar e desarticula-los núcleos de guerrilleiros que inda quedaban nos montes da bisbarra, supuxo a conmutación de penas de morte polas de prisión e a maior posibilidade de redención destas, cesando as execucións e entregándose a maior parte das persoas que inda estaban fuxidas.

O “instinto de conservación” e o pánico producido ó ir a parar ás mans dos vencedores forzou nalgúns dos apresados a comprensible e aparente renuncia a principios e ideais nos que seguían crendo, polos que antes loitaran e cara os que arrastraron a outros compañeiros tamén represaliados. Circunstancia que souberon aproveita-los activistas do franquismo para presentalos como “arrepentidos” ou descarriados e, dada a situación deses momentos, sin posibilidade de réplica. Víronse forzados a vivir con ese síndrome de traizón e padeceron mentres viviron a peor das torturas.

POSGUERRA. ANOS DA FAME.

Nos anos corenta, os “anos da fame”, do estraperlo e do racionamento de alimentos, sembraránse de centeo, de “pan”, ondeantes, os montes do concello por onde vagan escapados como Mario de Langullo. Os homes atoparán traballo na reconstrucción e reconversión das pontes do ferrocarril de ferro a formigón, na construcción dos encoros e centrais hidroeléctricas de Saltos do Sil, hoxe de Iberdrola, nas tarefas da vendima por terras de Valdeorras e xa moi contados ás segas a Castela, anque agora viaxando en tren.

De xeito semellante seguirase na década dos cincuenta, tamén caracterizada pola emigración a Arxentina e a Venezuela. Forzas de orde público, garda civil do

cuartel de Quiroga e do posto de Torbeo, “brigadilla” e policía armada do destacamento de San Clodio, exercen un rigoroso control da poboación e tratan de apresar ós últimos fuxidos, situación non exenta de episodios de “guerra sucia”, como o asasinato de D. Leopoldo Rodríguez o 14 de agosto de 1950, e de torturas e detencións abusivas.

Nestes anos homes e mulleres das zonas rurais traballarán en condicións durísimas e con salarios de miseria na repoboación forestal plantando de piñeiros os montes comunais, os cales pasan a ser do “Patrimonio Forestal del Estado Español”. A defensa e vixilancia rigorosa dos montes plantados supuxo a progresiva desaparición dos rebaños que, en réxime de veceira, existían en cada aldea aproveitando os pastos deses terreos e constituían un importante suplemento da exigua economía doméstica. Os veciños perderon o sentimento que os vinculaba co monte e xermolou neles a xenreira cara unha nova situación prexudicial para os seus intereses. Isto explicaría algún dos motivos para a inhibición dos galegos ante os incendios forestais que arrasaron e arrasan periódicamente os seus montes.

Tamén na década dos cincuenta proxéctase o regadío da Veiga de San Clodio. Unha reunión no salón de baile de numerosos labregos á cal asisten diversas autoridades esperta a euforia e a esperanza da maioría dos asistentes. Pro as condicións técnicas da obra, bombeo da auga do Sil por medio de motobombas eléctricas; a súa financiación, en parte subvencionada, mais respondendo dela coa hipoteca das fincas dos regantes; a necesidade dunha plantilla de empregados, técnicos e administrativos, cun custo permanente e, sobre todo, a falta de confianza nalgúns dos principais promotores, os cales exerceran ou exercían cargos públicos e sabíase do seu talante, provocaron o rápido esborrallamento das expectativas creadas e o fracaso do proxecto, que non contou co respaldo dos labregos.

A firma dos acordos de defensa mutua entre España e Estados Unidos o 29 de setembro de 1953 tivo repercusións en Ribas do Sil. Naquelas datas chegaba a “axuda americana” en forma de leite en po e de queixo, este, de cor alaranxado, envasado en latas duns cinco kilos, que se comezou a distribuír ós nenos das escolas e tamén a través do “Auxilio Social”, institución asistencial controlada pola Falanxe.

A media mañá, nun caldeiro de cinc galvanizado que contiña auga fervida, íase disolvendo o po a base de remexer cun garabullo torneado, enxoval facilitado polo concello. Un leite escumoso, pro de olor e sabor característicos, distribuíase en vasos que aportaban os alumnos no momento do recreo. Pola tarde, repartíanse as porcións de queixo enlatado entre os rapaces e rapazas para que o merendasen co pan que levaba cada un deles. Ningún destes dous productos lácteos tivo éxito e o número de consumidores foi decaendo de tal xeito que acabou por suprimirse o reparto ó pouco tempo.

Do que distribuía Auxilio Social, algún dos receptores vendíano, outros usábano para a cría de animais e os menos consumíanos eles. E, probablemente, algúns dos verdadeiramente necesitados non o chegaron a recibir nunca.

ÉXODO RURAL. CAMBIOS NOS XEITOS DE VIDA.

Nos anos sesenta, a emigración as áreas industriais españolas, como Barcelona, e a Europa, sobre todo a Francia, desertizou o concello. Era dantesco ver a homes e mulleres tomar por asalto a través das ventanillas, as portas xa non abrían, os trens abarrotados de viaxeiros e de equipaxes na estación de San Clodio. Os nenos quedaban cos avós agardando a reunirse cos pais cando houberse oportunidade ou cando estes retornasen.

As secuelas deste éxodo, inda patentes, foron: unha poboación envellecida, aldeas desertas e abandonadas, carencia de poboación xove e demografía en retroceso.

As primeiras remesas dos emigrantes modernizaron a vida nos núcleos rurais dos que saíran e fixeron a vida máis cómoda neles. Instaláronse cociñas “económicas”, bilbaínas, que substituíron ás lareiras. As tuberías de plástico, baratas e manexables, permitiron leva-la auga corrente ás casas e instalar cuartos de baño. Acometéronse pequenas obras de reforma e saneamento das vivendas que as fixeron máis confortables e sas. Instaláronse os primeiros electrodomésticos. Polos camiños de carro abríronse “pistas” que permitiron a chegada dos coches ás aldeas. Un vehículo capaz de chegar ós lugares de máis difícil acceso, a carroceta, facilitou o intercambio comercial e a saída de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais que escasamente se comercializaban con anterioridade.

Pro os emigrantes, anque voltaban tódolos veráns de vacacións, non retornaron ás aldeas das que partiran ante a inexistencia de perspectivas que permitisen vislumbrar un futuro sin a miseria da que fuxiran. Os aforros canalizáranse cara a inversión inmobiliaria, pisos, locais comerciais, etc. das vilas e cidades, incluso fóra de Galicia. Os maiores, lei natural, foron desaparecendo e os máis novos adaptáronse á vida urbá. As vacacións nas casas natais espaciáronse de tal xeito que as vivendas deteriráronse e remataron por ser inhabitables. Por iso temos aldeas despoboadas: Souto, A Fraga, As Cabanelas, A Pómez, Cimadevila, O Caroceiro, As Fontes; outras a punto de despoboarse: Casares, Piñeira, As Portas, Lousadela, Vilariño, A Cubela, Os Castros, Pousavella; e a maioría das restantes sin xente nova que faga a substitución xeracional capaz de garanti-la súa supervivencia. E iso que os medios de comunicación de masas, o teléfono, o acceso para coche asfaltado ou formigonado, o alumeadado público, etc. chegan, anque con dificultades, a todas elas. Pro a escasez de terreo cultivable e de recursos, o relevo difícil, o sistema de propiedade, o xeito de herdanza, etc. condicionan negativamente o rexurdimento deses núcleos rurais.

Estes cambios dos que estamos a falar supuxeron unha auténtica revolución económica, social e cultural para a gran maioría dos habitantes de Ribas do Sil, ocupados secularmente na loita por sobrevivir nunha terra escasa, fragmentada en parcelas minifundistas e de orografía accidentada, a non se-la Veiga, desenvolvendo xeitos de subsistencia e actividades económicas ancestrais. Foi pasar do medievo á modernidade, tanto no aspecto económico como no cultural e no social.

Unha das actividades practicada desde tempos antergos, bastante difundida, que desaparece nestes anos, foi a de “andar ó cambio”. Ribeiráns do Val do Sil, xeralmente coa axuda dunha besta, e en determinado momento, trocan os seus productos excedentarios: froitas, viño, aceite, ... ou os que adquiren ós maragatos: pan de Vilafranca, arenques, chocolate, ... e, trala chegada do ferrocarril, peixe fresco, polos dos habitantes das zonas de montaña que van percorrendo: centeo, patacas, castañas verdes ou secas, ... paliando deste xeito deficiencias e evitando fames.

Outra adicación tradicional complementaria da agrícola foi o da pesca no Sil. Diversas artes: rede, trasmallo, abentua, chumbeira, nasas, canas, caneiros, cartuchos, torviscada, ... usadas no lugar e momento axeitado pola persoa

competente, permitían obter pingües capturas, das cales se obtiña un aporte proteínico que se podía conservar en escabeche ou, en caso de excedentes, comercializar no contorno.

Diversas variedades de peixes: bogas, labregos, castellanos,... anguías e troitas eran menú frecuente nas mesas de Ribas do Sil, destacando a empanada de anguías nas festividades, como o San Pedro, para o cal se mantiñan capturadas vivas nos nasos das propias casas.

Algúns veciños de A Cubela, en tempo de verán, nomadeaban cunha barca polo Sil armando nasas. Durmían debaixo da lancha, posta boca abaixo, a carón do río, vixiando as artes, mentres un deles se desplazaba en tren a Monforte ou a Ponferrada a vender os sacos de anguías capturadas.

Na actualidade somente está permitida a pesca deportiva, introducíronse variedades novas no río: carpa, blasblás, e as tradicionais vanse extinguindo.

Actividade tradicional tamén relacionada co río e que perviviu ata mediados do pasado século foi a das “aureanas”, mulleres buscadoras de ouro. Procedentes da zona de Quereño, en tempo de verán acampaban no patio e na palleira dunha casa do barrio de Outeiro que lles facilitaba ese miserento acubillo. Polo día, no tramo da Pena da Mula, sachaban o céspede existente á beira do río e collían a area moi fina que había por debaixo para, coa “batea”, cunco de madeira torneada, proceder o seu lavado ou “bateado” nas augas do Sil. A pequena cantidade de po dourado que ía quedando no fondo da batea amalgamábase e gardábase nun frasco mentras non chegaba o momento da venda. O rendemento económico diario que obtiña por esta actividade unha aureana viña a se-lo equivalente ó xornal dunha muller, máis baixo co dun home, que andase á sacha.

Nas tarefas artesanais hai que poñer en lugar destacado os cesteiros. Na zona de Moreiras, parroquia de Torbeo, mantívose ata datas recentes unha longa tradición de traballo destes artesáns, auténticos artistas na confección e deseño de cestos e cestas de madeira, cunha tipoloxía diversa según a función á cal se destinaban e que, anque algúns deles inda levan unha vida activa, non exercen este oficio nin teñen seguidores hoxe en día. Algún dos seus traballos está no Museo do Pobo Galego, e mentres, o plástico impoñéndose.

Habitates das terras altas, da zona de Caldelas, eran, aínda son, propietarios de viñas e soutos na Ribeira, o que lles permitía dispor de froitos que o frío impide onde eles viven. Pola vendima, nunha gran arca enriba do carro, arrastrado ata por tres parellas de vacas e cantando a todo cantar pola serra de A Moá arriba, levaban as uvas cara a casa. Hoxe, os contados que inda atenden algunha viña levan as uvas en tractores e envasadas en sacos de plástico.

Nos soutos había os correspondentes sequeiros cunha mínima instalación que permitía residir neles mentres se apañaban as castañas e logo se secaban. Estes traballos eran realizados maioritariamente polas mozas da casa, que pasaban os días de apaña e de seca residindo nesas edificacións, as cales se concentraban en lugares achegados uns ós outros: Souto, Soutordei... A presenza de mozas atraía a numerosos rapaces e era corrente a celebración de bailes con gaiteros a carón dos sequeiros no tempo da seca ata hai uns corenta anos.

As feiras eran un mostrario de personaxes, animais e produtos heteroxéneos. Retratistas de minuto; cegos cantando e vendendo as copras cos crimes de máis sosa; botadores da sorte do paxariño; adiviñas cos ollos tapados; compradores de cornizó; tintoreiros, moi solicitados cando había que poñe-lo loito por algún parente defunto; queixeiros e queixeiras; pulpeiras e taberneiras; zoqueiros; zapateiros que, logo de calca-la planta do pé nun cartón e toma-las medidas arredor del, traían as botas feitas de encarga para a feira seguinte; touciñeiros, vendedores dun touciño de grosor descomunal de cochos casteláns e que se mercaba porque rendía máis que os xamóns da casa, os cales se vendían por mor da miseria; charlatáns ofrecendo produtos exóticos e pócimas milagreiras; menciñeiros e provocadores de abortos; compradores de peles, cera ...; bercianos tratantes en bois; talabarteiros; ferradores; farrapeiros; tendeiros; quincalleiros; marraneiros e tratantes noutros gandos; pescantinas; verduleiras e revendedoras; este que vai vender un cabrito, un año, unha cabra ou unha ovella; estoutro un burro, uns bois, unhas vacas, uns marraus ou unha pel de raposo; aquela unha ducia de ovos, unha galiña ou un galo, unha cesta de cereixas, unhas peras, unhas pavías, uns allos, unhas cebolas, ou ... Uns venden, outros mercan, uns van, outros veñen, a pé, a cabalo, ... e moitos pobres pedindo esmola e amosando as súas eivas para esperta-la compasión dos feirantes.

No toural, inda fai poucos anos, era moi común a presenza do vendedor de “bois de a medias”, tipo documentado xa no século XIX e pode que antes. Labregos de escasos recursos económicos crían, engordan e amansan, ó tempo que fan os seus traballos, a un boi ou a unha parella de xatos cedidos en depósito por persoas de maior capacidade económica, algúns deles emigrantes retornados de América, convertidos en rentistas. No momento da venda repártense os beneficios obtidos. Ter bois de a medias constituía signo de riqueza e motivo de fachenda, mentres se-lo seu depositario resultaba aldraxante e por iso se procuraba acochar esta situación.

Hai unha crencia errónea sobre as festas patronais de San Clodio o 15 de agosto. A de considerar tradición o montar dous palcos, un en cada extremo do pobo, e que a xente se vexa na obriga de andar de trasfega dun sitio para outro os días de festa cando toca a orquestra dun lado e descansa a do outro. Tradicionalmente, as festas facíanse no Ladrillo, onde se colocaba a música: bandas de Celanova, Lira de Ribadavia, Manchica, Alongos, Vilanova dos Infantes, Don Camilo, ... e gaiteiros coma Os Trintas.

Foi despois da guerra civil cando se impuxeron subliminalmente os dous palcos, obrigando ó desprazamento alternativo do público dun para outro.

Na Praza do Ladrillo estaba tamén o campo dos bolos, onde os homes xogaban a eles os días festivos. Este sí era un xogo tradicional que rematou por desaparecer na primeira metade do século pasado.

Un acontecemento trágico aflixirá ós habitantes de Ribas do Sil nos anos sesenta. O 18 de agosto de 1967, polo mediodía, un camión cargado de traballadores nas obras de construción da Central de San Clodio, ó pé do encoro de Sequeiros, que se trasladan para comer nos seus domicilios, cae ó río Sil no paraxe de A Mouriza. Dezaseis deles morren afogados e dezasete resultan feridos. Un número indeterminado sae ileso. Once dos falecidos son soterrados no cemeterio de San Clodio tras un enterro e funeral colectivo. Os cadaleitos foron trasladados a ombros dos compañeiros de traballo, que se opuxeron a que os levasen en camións. Orfos e orfas, viúvas, irmáns, pais e nais, veciños, tardarán anos en repoñerse de semellante golpe, inda vivo na memoria.

“DESARROLLISMO”

Nos anos setenta dúas obras impactarán na paisaxe e na fisonomía urbá da bisbarra e de San Clodio respectivamente: a construción da estrada N 120 e a da Ponte Nova, entre San Clodio e Quiroga. Dese tempo datan tamén a traida de augas e a casa do concello, que co depósito elevado e a estrutura de formigón caracterizan a imaxe do pobo.

Esa estrada recibiu o nome de “autopista” durante bastantes anos porque o proxecto orixinal de finais dos anos sesenta contemplaba unha vía desas características, o Acceso Central a Galicia, tamén chamada Vía de Penetración, a cal chegaba polo val do Sil a Poboia de Brollón, onde se ramificaba cara A Coruña, por Lugo, e cara Monforte, para desde aí dividirse por Ourense a Vigo e por Chantada e Lalín a Santiago. Era unha obra de gran envergadura e moi costosa da que se fixeron estudos varios, incluídos os sondeos xeolóxicos, e que foron publicados nun “Libro Blanco” polo “Consejo Económico Social del Noroeste”. Asíña surxiu a polémica entre os defensores e os detractores. Entre estes últimos estaban as xentes da zona do Cebreiro, Becerreá, Baralla, ... e da de A Gudiña, Verín, A Limia, ... que vían nesta autopista unha ameaza para os seus intereses. O goberno, escaso de recursos, optou por facer a estrada que hoxe temos, a N 120, polo val do Sil, e por mellora-las estradas nacionais que entraban en Galicia por Pedrafita a Lugo e A Coruña e por A Gudiña a Ourense e Vigo incluíndoas no plan REDIA.

Deste xeito pretendíase contentar a todos, anque os accesos a Galicia seguiron sendo deficientes ata hoxe.

As obras da N 120 nesta zona foron acometidas, dadas as dificultades orográficas, por un consorcio de empresas, CDH, Colomina, Dragados e Huarte, que realizaron o tramo de A Rúa a Poboia de Brollón. Os presupostos e tempos previstos ó inicio triplicáronse, tanto polas dificultades técnicas e económicas que a obra supoñía, como polo abandono e descontrol de parte dos traballos a mans das subcontratas, a incompetencia dalgúns dos técnicos, a existencia de corruptelas, ...

Hai que destacar, non embargante, a realización de estruturas innovadoras, como algunhas pontes, a utilización de maquinaria e recursos técnicos pioneiros e o emprego dunha gran cantidade de man de obra local, parte da cal acadou a

especialización laboral da que carecía.

Ó comenzo da década, principia a construción de A Ponte Nova, que suporá outro enlace máis directo entre San Clodio e Quiroga e a ampliación cara esa parte do pobo de San Clodio.

A obra atravesará diversas dificultades, tanto pola crise da empresa constructora como polo efecto destructor das riadas. O acceso a San Clodio, a través da Veiga ata a Praza Maior, actual rúa do Sil, desembocará enfronte á Casa do Concello, que se está principiando a edificar.

De sempre, as instalacións municipais viñeran funcionando en locais alugados a Batanero na planta superior do edificio que fai esquina entre a rúa Ferrocarril e a Praza do Ladrillo, onde tamén había dependencias escolares e oficina de Correos. É alcalde de Ribas do Sil nestes momentos D. Arturo González Ojea, quen facilitará o paso da vella Agrupación Escolar de San Clodio á consideración de Colexio Nacional, habilitando novas aulas e Comedor Escolar nas dependencias do vello concello mentres non foi construído o Colexio Novo. Desaparecían deste xeito as escolas unitarias dispersas polas aldeas para concentrarse na capitalidade.

MOVEMENTOS REIVINDICATIVOS

Hai dous feitos nestas datas, arredor de 1975, que amosan a unidade e capacidade de loita dos cidadáns de Ribas do Sil ante as situacións inxustas, xuntando esforzos por riba de intereses persoais e diferencias ideolóxicas.

Un deles terá lugar cando as empresas constructoras, CDH, da estrada N 120 pretenderon expropiar a precio irrisorio as fincas existentes por baixo da Ponte Nova ata a Pena da Mula para obter áridos para o formigón das estruturas e do asfaltado da calzada.

Resultáballes máis económico e cómodo que nos lugares que marcaba o proxecto.

A reacción pacífica, pro firme e unánime do medio cento de afectados provocou a renuncia das empresas, que xa levantaran as actas de expropiación respaldadas pola lexislación franquista daquelas datas.

Outro acontece o 18 de abril de 1976. As autoridades municipais de Quiroga autorizaban o establecemento dunha industria productora de pasta de papel,

“Celulosa”, promovida por un grupo de empresas multinacional e que xa fora refugada en diversos lugares de Galicia polos efectos contaminantes que estas industrias provocaban, tendo un exemplo palpable na ría de Pontevedra.

Por San Clodio e Quiroga circulou información de libros e revistas especializadas que se fotocopiaron e se distribuíron polas casas; houbo conferencias que aparentemente non ían trata-lo tema, posto que se lles negaba o permiso preceptivo naqueles anos, pro que no turno de preguntas remataban por ser auténticas leccións sobre a industria papeleira e os seus efectos; cidadáns cun maior grao de compromiso político souberon esperta-lo sentimento e a conciencia de defensa dun medio ambiente que era de todos.

Un domingo pola tarde, co pretexto de ir a presenciar un partido de fútbol, veciños das aldeas do contorno conflúen cos de San Clodio cara Quiroga a través da Ponte Nova, inda sen rematar, mais transitable a pé, baixo o control de numerosos gardas civís chegados nun autobús ás ordes dun capitán.

No campo de fútbol, onde hoxe está o Pavillón Polideportivo de Quiroga, homes e mulleres agardan o comenzo do encontro. Centos de espectadores permanecen arredor do campo e nas inmediacións. Comenza o partido e ó berro de “Celulosa, non”, principia unha manifestación cos futbolistas e o árbitro incluídos. Moreas de xente soben pola rúa que está a carón do Cuartel e seguen pola do General Franco para dirixirse cara a Casa do Concello berrando consignas contra a “Celulosa”. Vívense momentos de tensión cando se lanzan octavillas e as forzas da orde cargan e deteñen a algúns manifestantes, que son liberados cando a manifestación retorna ante o Cuartel e berra insistentemente: “Liberdade prós detidos”.

Os centos de participantes de Ribas do Sil, de regreso pola Ponte Vella, organizarán unha nova manifestación en San Clodio que remata disolvéndose pacificamente na Praza Maior. Nese momento chegaban forzas da garda civil avisadas de que en San Clodio había disturbios, pro que non tiveron ocasión nin motivo para actuar.

Non só a concienciación ecoloxista; tamén o rexeitamento do autoritarismo e da imposición á forza das decisións dun goberno en declive, do sistema político que a dictadura supuña, moveron ós cidadáns e cidadás a saír en exercicio dos seus

dereitos civís e comprobaron que a unidade resultaba efectiva.

Esa mesma noite, o ministro da Gobernación, impoñía a varios dos detidos, un deles de San Clodio, multas de 300.000 pts. que unha posterior amnistía trala morte de Franco deixaría sen efecto.

As empresas desistiron de establecerse na zona e noutras de Galicia onde o intentaron tralo fito marcado por esta manifestación.

CHEGADA DA DEMOCRACIA

No ano 1.975, o 20 de novembro, morre Franco. Os habitantes de San Clodio, un mes antes, pasaran días preocupados pola súa precaria saúde. Temían que a súa morte impedise poder face-la festa do San Claudio o 30 de outubro.

Unha nova etapa principiaba para todos chea de esperanza e de cambios fondos e acelerados: democratización constitucional das institucións e da vida dos cidadáns, disfrute de liberdades, difusión das conquistas sociais, elevación do nivel de vida, mellora das posibilidades educativas, modernización dos medios de comunicación e transporte, avances tecnolóxicos e científicos espectaculares, integración en Europa, xoves preparados para escribi-lo futuro deste concello e facerlle recupera-lo esplendor e o pulo que xa tivo noutro tempo desenvolvendo os seus abondosos recursos naturais e humanos sin esquece-la historia que, entre todos, debemos de facer día a día.

Transcurridos vinteseite anos, cómprenos facer balance do acontecido neste tempo e ver se as esperanzas dos primeiros momentos se cumpriron. Cada quen terá a súa propia resposta na que, como é lóxico, aparecen claroscuros.

A primeira Corporación postfranquista toma posesión en abril de 1979, quedando constituída con 6 concelleiros de ADIN, independentes de dereitas posteriormente integrados en AP; 4 de UCD; 1 de CD. Non concurriu ningunha candidatura de esquerdas ó deixar fóra da lista de independentes a persoas de ideas progresistas.

En sesión do 25 de maio de 1983 toma posesión a Corporación resultante das segundas eleccións democráticas, con 5 concelleiros de ADIR, independentes progresistas e de esquerdas, parte dos cales se integrarán posteriormente no PSOE, e 4 de AP. Por primeira vez entra unha muller como edil no concello, anque dimitiría

sen remata-la lexislatura.

Xuño de 1987. Nova corporación de 11 concelleiros. A oscilación no número de edís vén dada polas variacións no censo de poboación, según supere ou non os dous mil habitantes. Compóñena 7 membros de AP e 4 do PSOE.

En xuño do 1991, baixa o número de concelleiros a nove: 5 do PP e 4 do PSOE.

Os mesmos resultados repítense en xuño do 1995: 5 concelleiros do PP e 4 do PSOE. Nesta lexislatura, por mor dunha moción de censura respaldada por dous edís disidentes do PP, pasa a alcaldía ás mans do PSOE en marzal de 1998.

As eleccións de 1999 otorgan unha respectable maioría de votos á candidatura do PSOE, 5 concelleiros, fronte ós 4 do PP. Prodúcese un radical xiro político no concello: entra a gobernar un partido de esquerdas, e, ademáis, hai un interesante cambio xeracional, pois pasa a dirixi-la política municipal un equipo de persoas xoves e non ligadas a antigas institucións de poder.

Sería desatinado facer unha memoria das obras e actuacións levadas a cabo nestes anos. Cada un tén criterio suficiente para valoralas.

Os recursos que nestes últimos tempos se recibiron, gran parte deles provintes das axudas da Unión Europea, invertíronse en cursos de hortofruticultura, poda, informática, electrónica e son, ... e non provocaron a tan necesaria creación de postos de traballo. Somente fructificou a formación dunha pequena cooperativa de confección.

Sí é salientable e meritorio o feito de que en San Clodio, de nula tradición musical, funcionen na actualidade unha Escola Municipal de Música, da cal xurdiu un grupo de música folk integrado por un alto número de alumnos e alumnas e de indubidable calidade, e unha Banda de Gaitas do Concello de Ribas do Sil, recentemente ascendida da categoría novel e con altas puntuacións nas probas do Campionato Galego de Bandas de Gaitas.

E a Historia de Ribas do Sil seguirá. Feita por todos; unidos para acadar un concello con novos azos e decidindo libremente o futuro que queiramos.